

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E MEDTRONIC, S.A. PARA O FOMENTO DA CALIDADE ASISTENCIAL E EFICIENCIA E A SÚA EFECTIVA APLICACIÓN NA ORGANIZACIÓN SANITARIA DO SERGAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o 26.08.2016 o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Medtronic Ibérica, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ven establecer as condicións ás que deberán suxeitarse as partes co fin de articular e executar propostas que resulten eficaces para xerar innovación, co obxectivo de mellorar os resultados en atención sanitaria aos pacientes do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Nel prevese que as actuacións concretas para executar a colaboración se desenvolvan a través de acordos de programas específicos propostos polas distintas unidades clínicas dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, conxunta ou individualmente, coa organización colaboradora, promovendo a implicación e o compromiso coa innovación e transformación organizativa. Así pois, para a materialización dos distintos proxectos deberán asinarse acordos ou convenios específicos, nos que se recollerán as condicións necesarias para a definición, o desenvolvemento, implantación e execución de actuacións que permitan mellorar os resultados de saúde da cidadanía galega, así como mellorar a calidade, seguridade e eficiencia das unidades asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

A tal fin, Medtronic Ibérica, S.A. prestará a súa colaboración directamente a través dos seus propios recursos ou ben empregando a súa rede de recursos externos, mentres que o Servizo Galego de Saúde comprométese a prestar a súa colaboración a través da cooperación dos seus profesionais, a súa estrutura física e as súas instalacións, para dar cobertura ás actividades que, de mutuo acordo, determinen as partes para o desenvolvemento dos programas que se concreten.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Servizo Galego de Saúde pretende potenciar metodoloxías e actuacións orientadas á mellora de resultados en saúde da poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, que permitan unha mellora continua da eficiencia operativa e a consecución dunha maior

calidade nas súas unidades clínicas, así como contribuír a xerar un coñecemento especializado e unha experiencia que poida realmente servir para que a nosa comunidade contribúa significativamente ao desenvolvemento de mellores prácticas no ámbito sanitario que sirvan de referencia ao Sistema Público de Saúde

Pola súa banda, Medtronic Ibérica, S.A., como sociedade activa no sector dos dispositivos médicos e solucións integrais para unha mellora na prestación da asistencia sanitaria, conta cunha longa traxectoria na que veu desenvolvendo unha ampla rede de colaboracións con institucións públicas e entidades ligadas á innovación e está en condicións de aportar tanto o coñecemento propio como o da súa rede de colaboradores.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 31 de agosto de 2017.